

<b>MATERIA/MÓDULO</b>	<b>TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II</b>	<b>CURSO 2012-13</b>
<b>PROFESOR/A</b>	<b>Iván Mira Fernández</b>	

### OBXECTIVOS E CONTIDOS (temporalizados por avaliación)

<b>1ª Avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Estrutura atómica e cristalina.</li> <li>2. Ensaio e medida das propiedades dos materiais</li> <li>3. Diagramas de equilibrio.</li> <li>4. Materiais siderúrxicos, polímeros e cerámicos.</li> <li>5. Tratamentos térmicos e superficiais.</li> </ol>
<b>2ª Avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>6. Conceptos físicos fundamentais sobre máquinas.</li> <li>7. Motores térmicos.</li> <li>8. Circuito frigorífico e bomba de calor.</li> <li>9. Motores de corrente continua.</li> <li>10. Motores de corrente alterna.</li> </ol>
<b>3ª Avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>11. Sistemas automáticos.</li> <li>12. Tipos de control.</li> <li>13. Compoñentes dun sistema de control.</li> <li>14. Circuitos dixitais. Álgebra de Boole.</li> <li>15. Circuitos combinacionais e secuenciais.</li> <li>16. O ordenador como sistema de control.</li> <li>17. Neumática.</li> <li>18. Oleohidráulica.</li> </ol>

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia/módulo ao alumnado correspondente.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a superación da materia deberase obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

En cada avaliación se procurarán realizar 2 probas escritas, a primeira terá un valor do 40% e a segunda dun 60% sobre a nota de avaliación, xa que nesta segunda proba se introducirán contidos dos que se avaliaron na primeira proba.

Resérvase un 10% da nota de avaliación para as actividades de aula-taller e a actitude.

NOTA DE AVALIACIÓN	PROBAS ESCRITAS	1ª PROBA 40%
		2ª PROBA 60%

A **nota final** da materia será a media das cualificacións obtidas nas avaliacións, sempre e cando non se teña unha nota inferior a 3 puntos nalguna avaliación.

Ó comezo de cada avaliación se realizará unha proba para aqueles alumnos que non foron quen de superar a avaliación anterior, tamén se permitirá que o resto do alumnado se presente no caso de que queira subir a súa cualificación, neste caso a cualificación obtida será tida en conta soamente se supera a cualificación obtida pola vía ordinaria. Na avaliación ordinaria se realizará unha proba final na que os alumnos poderán recuperar as avaliacións non superadas, ou toda a materia de ser o caso.